



## EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

Praza Constitución, 1  
Tfnos.: 986 570165/570030  
Fax: 986 570233/570836

### ANUNCIO

A Asamblea Xeral da Xunta de Compensación do SUD-R06-AVENIDA DE VIGO, na súa sesión ordinaria celebrada en data 12.02.20, aprobou inicialmente o documento modificado e refundido do Proxecto de Compensación adaptado ao Proxecto de Ocupación de propietarios non adheridos ao ámbito ( definitivamente aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 27.01.20 ).

O devandito documento presentouse ante o Concello da Estrada en data 14.02.20 para a súa tramitación de acordo co previsto no art. 270 do Decreto 143/2016, aprobatorio do Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

O apuntado Proxecto de Compensación sométese a trámite de información pública, para xeral coñecemento, polo prazo dun mes computable a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia ( sen prexuízo da súa publicación nun dos xornais de maior difusión da mesma e da súa inserción no Taboleiro municipal de editos e anuncios, na páxina *web* oficial municipal e na sede electrónica municipal; e, con independencia da súa notificación aos propietarios afectados ), a fin de que calquera persoa física ou xurídica poda examinalo ( así como o expediente do que trae causa ), e, de se-lo caso, formular alegacións/suxestións.

A tal efecto, atoparase fisicamente dispoñible nas dependencias da Área municipal de Urbanismo, no 3º andar da Casa do Concello ( de luns a venres, agás festivos, entre as 09:00 e as 14:00 horas ).

A Estrada, 5 de marzo de 2020.

O ALCALDE,

Asdo./ José C. López Campos.

\* ( Sinatura dixital ao marxe )

